

**A partir desta escolma de textos de K.Marx, elabora un comentario no que se plasmen as ideas do socialismo marxista e a súa importancia no movemento obreiro do S XIX.**

"Toda a historia da sociedade humana, ata o día, é unha historia de **loita de clases**. Libres e escravos, patricios e plebeos, baróns e servos da gleba, mestres e oficiais; nunha palabra, opresores e oprimidos, fronte a fronte sempre, empeñados nunha loita ininterrompida, velada unhas veces, e outras franca e aberta."

"A moderna sociedade burguesa, que se alza sobre as ruínas da sociedade feudal, o que fixo foi crear **novas clases**, novas condicións de opresión, que viñeron a substituír ás antigas (...) Hoxe, toda a sociedade tende a separarse, cada vez máis abertamente, en dous grandes campos inimigos: **a burguesía e o proletariado**".

"O traballador convértese en obreiro cando vende a súa forza de traballo a outro chamado patrón, o capitalista, posuídor dos medios de produción y o capital necesario para que produzan. É dicir, o desenvolvemento da **sociedade capitalista** levará á creación da clase obreira."

**K. Marx e F. Engels. "Manifesto Comunista" (1848 )**

---

"(..) A **ditadura** de clase **do proletariado** coma punto de transición necesario para chegar á supresión das diferencias de clase, á supresión de todo o réxime de produción sobre o cal repousan estas, á supresión de todas as relacións sociais que corresponden a este **réxime de produción**, ao trastocamento de todas as ideas que emanan destas **relacións sociais**."

**Marx. "A loita de clases en Francia de 1848 a 1850" ( 1850 )**

---

"A clase traballadora substituirá, no curso do seu desenvolvemento, á antiga sociedade civil por unha asociación que excluírá ás clases e o seu antagonismo; e non haberá xa poder político propiamente dito, xa que o poder político é precisamente o resume oficial do antagonismo na sociedade civil."

**Marx. Miseria da Filosofía ( 1,847 )**